

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **VENUS DE URBINO**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

AUTOR: **TIZIANO** (1488-1576)

TEMA: Mitolóxico

CRONOLOXÍA: 1538

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: Galería Uffizi (Florencia)

MEDIDAS: 119 cm x 165 cm



ANÁLISE E COMENTARIO

Inspirada na Venus de Giorgione, pintada en 1515, Giorgio Vasari falou da Venus de Urbino na súa obra *A vida dos máis excelentes pintores, escultores e arquitectos* (1568), convertindo á moza na deusa do Amor, motivo polo que a obra non foi censurada polos reformadores do Concilio de Trento (1545-1563). Porén, a presenza do can amosa que a muller representada non é unha deusa, senón unha muller real. De feito, co detalle do canciño, alegoría da fidelidade, Tiziano quere nos indicar que se trata dunha muller real e non unha deusa, o que fai que o espido sexa máis provocador e erótico; algo que tamén é inducido polo manexo da luz, que recae directamente sobre o corpo da muller, unha luz dourada que ilumina o corpo, realzado polo contraste co fondo escuro e o branco do colchón.

Tematicamente a obra tería como personaxe principal á deusa grega Venus, e Tiziano representaa espida tombada sobre unha cama sobre dous colchóns. A parte superior do corpo descansa sobre dúas almofadas; a man esquerda oculta o seu sexo, e a dereita sostén un ramo de rosas (do cal unha caeu sobre o colchón), un can dorme aos seus pés. Ao fondo da estancia hai dúas serventas, unha delas de xeonllos buscando posiblemente a roupa da dama nun baúl, mentres a outra observa e leva sobre os seus ombreiros un vestido. Ao fondo aparece tamén unha xanela cunha columna e unha maceta. Ao lonxe vese o ceo e o decorado da habitación amosa o interior dun palacio italiano.

A *Venus de Urbino* afástase do idealismo característico do Renacemento italiano. Tiziano representou a Venus esperta, consciente da súa beleza e da súa nudez, sen que nada nela evoque o lado “divino” da deusa. De feito, ela mira directamente ao espectador.

En canto á composición, o centro está situado no pubis de Venus. O cadro está dividido en tres partes: no primeiro plano está representada Venus; no segundo están as criadas; ao fondo a xanela aberta ao exterior.

En canto á perspectiva, a fuga diríxese cara á dereita e está acentuada polas criadas que rebuscan nun baúl, vestidas e con tons fríos e tamén polas liñas visuais creadas a través das baldosas, a columna do fondo e a árbore.

A cor tamén inflúe na composición do cadro; a cor clara e cálida do corpo produce unha impresión de sensual indolencia, realzada no contraste do escuro do fondo e o colchón. A cor escura do lenzo da parede provoca unha cesura na mirada que entón se centra no corpo da muller.

É a primeira ocasión en que Tiziano pinta unha figura de Venus mostrándoa nun interior. Realizada durante a súa estancia na Corte de Urbino, a Venus foi adquirida por Guidobaldo della Rovere, o fillo do duque de Urbino, facéndose diferentes interpretacións. Considerouse como unha alegoría nupcial en clave neoplatónica, un retrato da esposa de Guidobaldo que acaba de abandonar a puberdade ou, sinxelamente, o retrato dunha coñecida cortesá da cidade. Non temos datos fidedignos que avalen ningunha das hipóteses. É pouco probable que unha italiana da época, casada e de boa condición, se deixase retratar espida. Sería incompatible co seu papel social, que era asegurar a descendencia, dirixir o fogar, preservar a honra do home e servir de adorno nas cerimoniais oficiais. Tamén resultaba inadmisíbel que a esposa respectable se abandonase aos praceres da sexualidade e a sensualidade tal como se reflicte no cadro. Era frecuente que os homes buscasen nas prostitutas e amantes unha compensación á reserva imposta a súas mulleres e fillas.

Tiziano pon un ramo de rosas na man da moza, consideradas atributo de Venus, símbolo do pracer e da fidelidade no amor, e coloca sobre a repisa da xanela un mirto nunha maceta para indicar a constancia no matrimonio. O can pode simbolizar, por un lado, o amor carnal, pero por outro tamén a fidelidade (aínda que ao estar durmido podería ser o contrario, a infidelidade ou o adulterio), e incluso pode que apareza só por azar. Ben sexa unha personaxe mítica ou sinxelamente unha “muller espida” (*donna nuda*) o seu corpo amosa o ideal de beleza e os gustos eróticos do Renacemento pleno. A fronte alta estaba pasada de moda, de xeito que o cabelo non desaparece xa debaixo da cofia, e enmarca o rostro dulcificando os seus rasgos. Case todas as figuras míticas do Renacemento represéntanse co cabelo claro, aínda que as italianas sexan maioritariamente castañas. O corpo estilizado do Gótico cámbiase por un ideal renacentista máis corpulento. Aínda que se busca unha postura máis natural, o ventre segue a ser o centro do corpo, remarcado como símbolo da fecundidade e da reprodución.

O pintor suliña o espido da muller mediante a presenza de dúas serventas vestidas ao fondo. A que se ve axeonllada de costas é un exemplo raro na pintura. A sala e o mobiliario presentan os rasgos característicos da época. A muller axeonllada está rebuscando na arca da roupa (*cassone* ou arcón de vodas), dado que non existían perchas nin armarios para a roupa. Eran unha parte importante das dotes e, segundo a fortuna da familia, decorábanse con traballos de marquetería ou se pintaban (traballo que exerceu Tiziano na súa xuventude). Grazas ás súas excelentes relacións comerciais co Próximo Oriente, Venecia era un dos principais mercados de tapices orientais. Nas mellores casas había solos de mármore, con cadrados regulares que servían para trazar con precisión matemática a perspectiva.

Aínda que Tiziano pintou moitos detalles fieis á realidade, está lonxe de realizar un cadro realista. Aprézase claramente na superficie oscura cuxo borde dereito corta o cadro e remata abaixo na man. Debía representar a cortina dunha cama, pero está só esbozada. Esta superficie crea un equilibrio entre as dúas metades do cadro e serve de telón de fondo para facer resaltar o corpo da moza. Ademais, a delimitación vertical dirixe a atención cara á parte do corpo que a muller tapa pudicamente. Non se pode ignorar a alusión á fidelidade conxugal a través das rosas e do mirto, e pode que a intención de Tiziano fose representar algo máis que os atributos tradicionais de Venus. Quizáis quixera amosar que a estendida división das mulleres en dúas categorías, as esposas respectables e as servidas do amor, non era tallante e que tamén se podía descubrir o pracer sensual dentro do matrimonio.

Aínda que a obra mantén elementos de Giorgione, Tiziano innova ao exponer claramente a voluptuosidade grazas ao tratamento resolto do espido e á gran pureza formal do conxunto. O cadro inspirou a outros pintores como Goya (*Maja espida*) ou Manet (*Olimpia*).